

MEMORIA UNIDADE DE IGUALDADE 2010-2011

A antiga Área de Igualdade da Universidade de Vigo cambiou a súa denominación durante o ano académico 2010-2011. Na sesión do Consello de Goberno realizada o 18/01/2011 aprobouse o cambio de nome polo de Unidade de Igualdade adaptándose así á disposición adicional décimosegunda da *Ley Orgánica 4/2007, de 12 de abril por la que se modifica la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades*.

A Unidade de Igualdade comezou o curso 2010-2011 presentando o *Informe diagnose da igualdade na Universidade de Vigo* nos campus de Pontevedra e de Ourense.

O día 17 de decembro de 2010 foi presentado na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte en Pontevedra coa presenza das autoras do informe Amada Traba e Luz Varela e da vicerreitora do campus de Pontevedra.

O día 7 de febreiro de 2011 foi presentado no salón de graos do Edificio Facultades do campus de Ourense coa presenza, ademais das autoras e da vicerreitora do campus de Ourense, da directora do Instituto de la Mujer, Laura Seara e co presidente do Consello Social Emilio Atrio.

Co gallo do 8 de marzo, *Día Internacional da Muller*, a Unidade de Igualdade organizou diversas actividades nos tres campus sendo a presentación do documental *Digna Rabia* e posterior coloquio a principal.

O documental foi proxectado nas seguintes datas e lugares.

Campus Vigo:

21 de marzo no salón de actos da Facultade de Filoloxía e Tradución coa presenza de Lidia Senra e Pencha Santasmarinas.

Campus de Ourense:

25 de marzo na aula multiusos do Edificio Facultades coa presenza de Victoria Martins, Purificación Mayobre e Carina Paz

Campus Pontevedra:

29 de marzo na sala de conferencias da Casa das Campás coa presenza de Lidia Senra, Pencha Santasmarinas e Nanina Santos.

Ás proxeccións e posterior coloquio asistiron unha media de 65 persoas en cada campus.

O 16 de marzo tivo lugar en Zaragoza o *IV Encuentro de Unidades de Igualdad, oficinas y observatorios de igualdad de las universidades españolas* ao que asistiu a directora da Unidade de Igualdade.

O 25 de xuño tivo lugar o primeiro *Festival Sinsal Illa de San Simón* co que colaborou a Unidade de Igualdade presentando traballos das alumnas da Facultade de Belas Artes. O festival tivo lugar durante todo o día na Illa de San Simón e o público asistente, máis de 400 persoas, puido escoitar a artistas maioritariamente femininas como a coruñesa Jane Joyd, as viguesas BFlecha e Murmel, a francesa Laetitia Velma ou as arxentinas The Kellies. A comunidade universitaria gozaba dun desconto do 25% no prezo da entrada.

Por pedimento da Unidade de Igualdade aprobouse na Comisión de formación una acción formativa para todo o persoal de administración e servizos sobre o uso dunha linguaxe non sexista.

A devandita acción formativa titulada «Técnicas para evitar o sexismo lingüístico no ámbito administrativo: lingua escrita» de 4 horas de duración, comezouse a impartir, en colaboración co Servizo de Persoal de Administración e Servizos, neste ano académico 2010-2011 tendo a súa continuación no vindeiro curso.

Campus de Ourense:

Salón de graos do Edificio Facultades, 13 e 14 de xuño

Campus de Pontevedra:

Escola de Enxeñaría Forestal, 15 e 16 de xuño

Campus de Vigo:

Edificio Miralles, 27, 28, 29 e 30 de xuño

Ata o momento recibiron a acción formativa un total de 250 personas.

En colaboración coa Área de Innovación Educativa a Unidade de Igualdade organizou dentro do Programa de Formación Permanente de Profesorado o curso para PDI «Cómo diseñar contornas virtuais non sexistas para a aprendizaxe universitaria» impartido por docentes da Universidade de Sevilla os días 29 e 30 de xuño nas súas sesións presenciais. Ao curso asistiron 15 profesoras da Universidade de Vigo.

O día 30 de xuño inaugurouse na Biblioteca Universitaria do campus de Ourense a exposición *Dependencias mutuas. Empregadas do fogar e crises dos coidados* na que a Unidade de Igualdade participou en colaboración co Concello de Ourense. A exposición mostra un conxunto de traballos de distintas artistas seleccionadas atendendo á necesidade de pór os coidados no centro das análises sociais, políticas e económicas.

A exposición foi visitada por unhas 200 persoas.

Mediante a resolución reitoral do 30/05/2011 procedeuse á convocatoria de axudas para a organización de conferencias, xornadas ou actividades para impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo. Estas axudas foron resultas no mes de xullo concedéndose un total de 20.000 euros para diversos actos que se desenvolverán durante o primeiro cuadrimestre do vindeiro ano académico.